

GEDOFEITA



Leandro del Río Carnota

párroco de Lérez e candidato republicano (1931-1933)

Arturo Sánchez Cidrás.

No natal de 1916 dáse a coñecer o nomeamento, proposto polo Cardeal José Martín Herrera, do novo párroco de Lérez, D. Leandro del Río Carnota¹ que substituíu a Constantino Martínez Franco². Tomou posesión da parroquia, ante o notario eclesiástico Javier Vieira Durán, o 30 de xaneiro de 1917³.

Na súa biografía faise referencia a súa excelencia académica xa que “aos vinte anos era xa doutor en Sagrada Teoloxía, obtendo na súa carreira as notas supremas” e no persoal “posúe unha exquisita distinción e un don de xentes”⁴. A súa oratoria fluída e convincente mesturada cunha forte personalidade será o crisol que fagan de Leandro del Río unha persoa singular.

Tamén se dá a coñecer a súa ascendencia familiar⁵: Cun pai que fora presidente da Comisión

española de Manila, heroe da guerra Filipina, presidente da Deputación da Coruña e Gobernador Civil; seus tíos Higinio del Río, director do Hospital S. Lázaro, Vicente Carnota e Manuel J. Lema escritores, xornalistas e, xa en idade avanzada, curas tamén.

Xa temos o personaxe, do que non imos reparar en cal foi o seu papel como home público ou como sacerdote todo o tempo que estivo á fronte da parroquia de Lérez, senón nun curto período (1931-1933), pero interesante momento da súa actividade como político republicano conservador, como el mesmo se declaraba.

Estando convocadas as eleccións a Cortes Constituíntes o 28 de xuño de 1931 unha grande amalgama de partidos comezaron a preparalas. Por unha banda, elixindo candidatos e, pola outra, artellando alianzas entre grupos afíns. Polo que na circunscripción de Pontevedra, con 12 deputados a elixir, algúns xornais,⁶ con especulacións case sempre interesadas, barallaban cos nomes tanto das organizacións, das posibles coalicións, así como das persoas que representarían a estas. Daban por feito que, como resultado das eleccións, os socialistas e republicanos obterían a maioría; que se presentarían polos conservadores, Alejandro Mon, polos liberais demócratas Bernardo Sagasta e Fernando Villamarín; estes mesmos xornais tamén teorizaban con que coas minorías tamén loitarían “outras candidaturas como Alianza Republicana, autonomistas galegos e acaso candidatos illados, entre os que aparece

o cura párroco de Lérez D. Leandro⁷ del Río, que proxecta presentarse con carácter republicano independente”⁸.

A noticia de que un cura era aspirante a deputado ás Cortes, e aínda máis como republicano, apareceu en case que todos os xornais españois e ata das antigas colonias⁹. Quizais sexa El Heraldo de Madrid, do 10 de xuño de 1931, na súa primeira páxina, o que mellor glose a figura do cura Leando del Río. Faino nun eloxioso artigo titulado “Os nosos amigos os curas. O párroco de Lérez preséntase candidato republicano” onde se recollen algúns dos motivos da súa candidatura: “Así comprenderá máis facilmente o pobo que a igrexa non rexeita a República, e que esta e a relixión non son institucións contraditorias e antagónicas. Loitaremos pola orde e a boa orientación da República”. Tamén se da a coñecer neste artigo que os seus partidarios se constituíron nun Comité parroquial, para facer propaganda da súa candidatura e solicitar entre o clero “apoios e influencia por todos os medios lícitos; pero recomendándolles ben que nos medios de propaganda non utilicen para nada o púlpito, o altar ou o confesionario, lembrando unha vez máis que confesionario, altar e púlpito deben ser neutrais e apolíticos”. En contraposición a outros curas, aos que cualifican con epítetos moi duros, para o cura de Lérez todo

1 Leandro nado en Ordes (A Coruña) en 1882. Por ser parente do célebre Hombre Virela foi beneficiario pola Obra Pía fundada por este cunha beca para realizar os estudos de Teoloxía. Ordenado sacerdote celebra a súa primeira misa o 28 de maio de 1905. Comezou na parroquia coruñesa de San Jorge para pasar a xestionar como coadxutor-incapite, dende 1908 a de Santa Lucía (creada en 1890) e, segundo a prensa local, “en circunstancias difíciles, ás veces, dado o sectarismo que existía alí”. No 1913 cooficiou a cerimonia de inauguración do templo parroquial co mordomo do arcebispo, Manuel Caeiro.

Lago dunha grave enfermidade falece en Pontevedra o 15 de outubro de 1957. Dous meses antes do seu pasamento foi nomeado coadxutor de Lérez, Manuel Costiñeiras quen, a partir do mes de novembro exerceu de ecónomo, con encargo expreso de facerse cargo do abandonado Arquivo Parroquial (pola enfermidade de D. Leandro).

2 Que estivera de ecónomo dende o 5 de febreiro dese mesmo ano. (Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago: Año LV Número 2166 - 20 Abril 1916).

3 Mentres non se fixo definitivamente cargo da parroquia, que sería a mediados de febreiro de 1917, quedou encargado dela o coadxutor José García Beiro. Poucos días despois, o 25 de febreiro de 1917, é nomeado presidente honorario da sociedade de socorros “La Defensa”.

4 La Correspondencia Gallega, 26 decembro de 1916, p. 3.

5 Seu pai foi Antonio del Río y Castro (1846- Manila 1907) e súa nai Elena Camota Pérez (1857-1928). Tiña cinco irmáns: Benigna (1878), Dagoberto (capitán de Voluntarios en Filipinas), Ramiro (1882-1900), M^{te} de los Ángeles e Carmen (1890-1963).

6 El Heraldo de Madrid, 23 de maio de 1931, p. 13 e El Liberal, 24 de maio de 1931, p. 4.

7 Nos xornais pon “D. Lorenzo”. Este erro nos dous xornais vén da mesma fonte xornalística.

8 Diario de la Marna, “periódico oficial do porto de La Habana”, 10 de xuño de 1931, p. 11; no semanario (con formato de xornal) La Voz Española, Manila-Filipinas, 18 de xullo de 1931, p. 14; El Orzán, A Coruña, 13 de maio de 1931, p. 4; El Día de Palencia, 10 de xuño de 1931, p. 1; La Libertad, do 10 de xuño de 1931, p. 3, onde titula a noticia: “Como cambian os tempos! Un cura, diputado republicano”; La Vanguardia, 10 de xuño de 1931, p. 23; e un longo etcétera.

son eloxios e parabéns resaltando as súas ideas de non mesturar relixión con política, motivo polo cal o xornal elíxeo “desde este momento deputado na nosa cordialidade”.

Grazas ás noticias dalgúns xomais decatámonos de que en realidade onde se decidiu a súa presentación a deputado foi a raíz dun acordo na Asemblea de sacerdotes celebrada poucos días antes en Pontevedra⁹. Na prensa católica, como pode ser o xornal El siglo futuro de Madrid, tamén recollen a circular desta Asemblea engadindo aos motivos xa expresados da súa candidatura que: “Para que non se dubide do noso respecto e acatamento ao Poder constituído, co cal se evitarán receos e suspicacias, o carácter político do noso candidato será o de republicano”¹⁰.

O 19 de xuño de 1931 aparece unha nota na que se informa que “Don Leandro del Río Carnota, cura párroco de Lérez, dirixiuse aos electores da provincia nun manifesto, dando o seu nome para deputado da futura Asemblea Constituínte”¹¹.

Tres días antes das eleccións na propaganda da coalición Republicana-Agraria para a provincia de Pontevedra, aparecen, á espera de darse a coñecer catro nomes máis para completar a Candidatura, os seguintes aspirantes: polo radical-agrario a Amado Garra, polo agrario a Basilio Álvarez, polo radical a Concepción Alfaya e pola Dereita Liberal Republicana a Leandro del Río¹².

O día 26, dese mesmo mes, o Faro de Vigo¹³ publica

Una nota del cura de Lérez

Don Leandro del Río, cuya candidatura a diputado por nuestra provincia ha sido acogida con tanta simpatía, lo que ha ce seguro su triunfo, nos envía una nota, cuya publicación interesa, y que dice:

“Habiéndome separado de los elementos con los cuales me coalignara para fines electorales, quiero hacerlo público por medio de esta carta.

Voy “solo” a la lucha, confiado en la nobleza de mis adversarios, con el carácter de republicano de la “derecha liberal”, esperando de mis comprovincianos que se dignarán honrarme con sus sufragios.—Leandro del Río.”

Faro de Vigo o 26/6/1931 p.7

O día anterior á votación aparece no Faro de Vigo o seguinte Cartel electoral, en solitario, do cura de Lérez:

E así chegamos ao día das votacións que transcorreron sen grandes incidentes. As únicas excepcións a esa normalidade foron no concello de Noalla e de Bueu onde os agrarios racharon unha urna, e nalgúns colexios de Lalín onde non puideron celebrar as votacións. Na prensa madrileña¹⁴ publícase que “O sacerdote Leandro Ríos di que se desliga de toda candidatura e presentarse independente”.

Candidatura de la Derecha Liberal Republicana

Votad al cura de Lérez, don Leandro del Río Carnota para diputado, en las Cortes Constituyentes.

Cartel electoral aparecido no Faro de Vigo o 27/6/1931 p.8

Unha nota remitida a este medio polo candidato Leandro del Río que textualmente dicía: “Habéndome separado dos elementos cos que me coligara para fins electorais, quero facelo público por medio desta carta.

Vou ‘só’ á loita, confiado na nobreza dos meus adversarios, co carácter de republicano da ‘dereita liberal’, esperando dos meus coprovincianos que se dignarán honrarme cos seus sufragios. — Leandro del Río”.

Na mesma folla do xornal, e contradicindo o anterior, aparece tamén unha nota do partido republicano de Tui recomendado unha candidatura encabezada por Leandro del Río con Valentín Paz Andrade, Emiliano Iglesias, Ramón Cabanillas, Manuel Varela Radío, Alejandro Otero, José López, Enrique Heráclio e Eugenio Arbones.

Ao día seguinte, ante a escaseza de datos pola carencia de comunicacións telegráficas e telefónicas en moitas localidades¹⁵, dábase como vencedora na provincia de Pontevedra á Conxunción republicano-socialista. E nos “postos para as minorías parecen disputalos o sacerdote Leandro del Río, da dereita republicana, e o galeguista Castelao, case seguros para os dous primeiros postos, e o terceiro parece dubidoso entre Amado Garra, lerrouxista, e o galeguista Basilio Álvarez”¹⁶. Outro xornal dá como gañadores os catro primeiros socialistas, os cinco republicanos conxuncionistas e “coa diferenza duns 5.000 votos, seguen o cura de Lérez, Leandro del Río, da dereita liberal republicana, o cal probablemente poderá ser proclamado, sen

9 El Pueblo Gallego, 10 de xuño de 1931 p. 8 e Diario de la Marina, xornal oficial do porto de La Habana 10 de xuño de 1931 p. 11

10 Como El siglo futuro, 10 de xuño de 1931 p. 2

11 El Pueblo Gallego, 19 de xuño de 1931 p. 6

12 De Juan, Amparo e Serrano, Javier. “Valle-Inclán, Candidato republicano”. Universidade de Santiago de Compostela, 2007. Páx.48

13 Faro de Vigo, 26 de xuño de 1931, p. 7.

14 ABC, Madrid, 28 de xuño de 1931, p. 30.

15 La Tierra, Madrid, 29 de xuño de 1931 p. 4

16 El Heald de Madrid, 29 de xuño de 1931, p. 9.



Bar Savoy, Pontevedra

Pontevedra

Don Víctor Lis, D. Alfredo García Ramos, D. Severino Barros de Lis, D. Honorio Maura, D. Nicasio Guisasola, y D. Fernando Sotelo, derechistas; D. Emiliano Iglesias, D. Ramón Salgado, D. Antonio Prieto, D. José López Varela, radicales; D. Isidoro Millán, demócrata; y D. Leandro del Río, conservador.

ABC, Madrid, 22/11/1933 p.2

esperar á segunda votación. Como indecisos, os galeguistas Alfonso Castelao e Basilio Álvarez¹⁷.

Case toda a prensa sitúa a Leandro del Río entre os gañadores con posibilidades de obter un posto de deputado pois foi moi votado na capital pontevedresa e "as noticias da provincia confirman o triunfo da candidatura republicana socialista e de don Leandro del Río, cura de Lérez. Dise o caso curioso de que os ingleses da secta evanxélica, residentes en Marín, votaron ao párroco con candidatura aberta"¹⁸.

Con todo, unha vez chegado o escrutinio final na provincia de Pontevedra o cura Leandro del Río non obtén os votos precisos para ser

elixido deputado dentro dos 5 que lle tocaban á minoría. Os partidos tradicionais coas súas coalicións, a súa 'maquinaria electoral', a oposición da xerarquía eclesiástica e o inicio do que xermolaría en Partido Galeguista tiran por terra o esforzo deste grupo de sacerdotes capitaneados polo párroco de Lérez.

Aínda hoxe en día, é moi difícil para os historiadores dilucidar e explicar con absoluta certeza os resultados finais das eleccións en canto que as "adscripcións partidistas eran bastante confusas e ademais cambiaron incluso de forma moi considerable no momento de constituírse definitivamente as Cortes"¹⁹.

A pesar do contratempo electoral, e tras un longo silencio²⁰ nos medios de comunicación, vemos que Leandro del Río non desaparece da vida política activa. O demostra o feito que ás 7 da tarde do día 18 de outubro de 1933 participou, na Asemblea do Partido Republicano Conservador celebrada no piso de arriba do Café "Savoy" en Pontevedra, onde tomou a palabra, igual que Manuel Pérez, alcalde de Vigo, e outros participantes que viñan representando a concellos como a Estrada, Lalín e Baiona²¹. Días despois foi comisionado por Pontevedra na Asemblea do mesmo partido celebrada en Vigo²² para preparar as eleccións para deputados do 19 de novembro de 1933. Nas primeiras listas aparecidas vese que se coligan, entre outros, os radicais, conservadores e reformistas. Nesta coalición, e representando aos conservadores, vai "Leandro del Río Carnota Abade de Lérez"²³. Nos días previos algunha prensa, como o diario republicano

17 La Época, 29 de xuño de 1931, p. 3.

18 La Vanguardia, 30 de xuño de 1931, p. 23.

19 Tusell, Javieretalt. "Las constituyentes de 1931: unas elecciones de transición (II)". Revistade "Derecho Político".

20 Coa excepción da mención dun acto no que dixo unhas palabras na homenaxe a "un compañeiro", o cura párroco e Consiliario da Xuventude de Cambados, aparecida en El Siglo Futuro, 7 de xaneiro de 1932, p. 4.

21 El Pueblo Gallego, 19 de outubro de 1933, p. 4.

22 El Correo Gallego, Ferrol, a 29 de outubro de 1933, p. 1.

23 La Nación, Madrid, 6 de novembro de 1933, p. 21.

da tarde de Pontevedra, El País²⁴, presenta unha editorial "Ante la lucha. Las combinaciones de última hora" onde avisa ao electorado para que "se aperciban da serie de trucos e martingalas que poñen en práctica as dereitas e os radicais para triunfar nas eleccións do día 19". E así vanse debullando as supostas intencións na solicitude de voto facendo máis ben fincapé nos candidatos e non tanto nas coalicións. E ata afirma: "As nosas noticias, e témolas de fonte fidedigna, son que as ordes circuladas aconsellan que para deixar oco para os cinco deputados dereitistas se borre ao cura de Lárez, don Leandro del Río, a Pedro Varela," ... Remátase o editorial dicindo "Se os conservadores ou os reformistas se salvan, será a pesar de Emiliano [Iglesias] e contra a súa vontade. Dende logo pode darse por descontado que o cura de Lárez está perdido sen remedio, porque é o número un dos sacrificados. Elector! Rexeita toda componenda e vota íntegra a candidatura de esquerda republicana!".

Realizado o escrutinio, dos trece deputados elixidos, está no número 10 con 10.100 votos. Por fin Don Leandro sería deputado! E así saíu nos listados provisionais. Pero o certo é que nos resultados oficiais definitivos aparece, unha vez máis, sen escano. Certo é que ao longo das distintas consulta se lectorais nas que participou D. Leandro, sobre todo nas pequenas entidades de poboación, houbo moitas denuncias por fraude electoral. Fraude que se realizaba de múltiples maneiras. As máis correntes serían as de falsificar o número de electores²⁵; manipular as actas; problemas cos compoñentes das mesas; etc. Dentro de todo ese

Comenzó la Asamblea de Hermandades de Labradores y Ganaderos presidida por el delegado nacional

Los 3.000 asambleístas vitorearon al Caudillo al ser evocada su figura por uno de los oradores

Imperio, Zamora, 15/10/1946 p.2

rebumbio os que máis acusaban os efectos perversos destas actitudes electorais eran os que pertencían a partidos con grandes pugnas internas ou a pequenos partidos e, sobre todo, aos que ían como independentes, como é o caso do cura de Lárez.

Tanto é así que este menosprezo co máis débil serviu de moña ou exemplo negativo, como cando se tira de ironía para cualificar de 'xente pacífica' aos sindicalistas da Guardia dicindo: "son moi pacíficos, ao extremo de que só serven para tirarlle pedras ao cura de Lárez e para facer outras falcatuadas polo estilo".²⁶

Ou falando de 'fraude electoral' en favor dalgún candidato "cun número elevado de votos (486 de 514 electores que figuraban no censo) aínda que para iso houbera que sacrificar, como 'cordeiro pascual' ao simpático cura de Lárez".²⁷

A don Leandro, que fora cura por desexo da súa familia, o que en realidade lle gustaba era seguir os pasos do seu pai, polo que non dubidou en dedicarse tamén á actividade política²⁸. Por todo isto, a

súa vida estivo marcada cunha serie de contradicións persoais e públicas que os que o trataron coma cura, ou como político, non dubidaron en aceptalas e ata asumilas coma normais.

A Leandro del Río etiquetábano de conservador, liberal, republicano, da dereita,... e, a partir do 1936, de afecto ao réxime, falanxista, sindicalista,... pois adaptouse ao sistema vixente en cada momento, pero coa bandeira do curato e en postos de cabeza, sempre visible, para o bo ou para o malo. Polo que non é de estrañar velo presente na Caeira-Poio o 12 setembro de 1936 no fusilamento de Gonzalo Acosta²⁹ acompañándoo non como cura senón coma "irmán político"; ou de telo no ano 1946 arengando, no cine Alcalá de Madrid a máis de 3.000 asistentes á Asemblea Nacional de Labregos e Gandeiros en calidade de Xefe da Cámara Sindical Agraria de Pontevedra³⁰, ou nos anos 1949-1952 como Deputado en Cortes,... Dito doutro xeito: Don Leandro era moito Don Leandro.

24 El País, Pontevedra 17 de novembro de 1933 p. 1.

25 Hai múltiples casos nos que os votos recibidos por algún deputado superaba o censo de toda a localidade no que se escrutaba

26 Tribuna, Tui do 24 de decembro de 1933

27 El Tea, Ponteareas a 24 de xaneiro de 1934

28 Nos comicios de 1933 o partido Radical puña na súa propaganda que o cura de Lárez, que ía nas súas listas, estaba autorizado polo bispo de Tui para figurar na candidatura radical. ABC, Sevilla, 8 de novembro de 1933 p. 23.

29 Ex-gobernador civil de Pontevedra xulgado por traizón en Consello de Guerra e condenado a pena de morte. El diario de Palencia, do 22 de setembro de 1936 p. 4.

30 Imperio, Diario de Zamora de Falanxe Española das JONS, 15 de outubro de 1946 p.2. Ou como fixera o mes anterior na Inauguración da I Gran Ferie-Exposición del Campo en Ponferrada, Hoja Oficial del lunes do 2 de setembro de 1946.